

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020.

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE
CURSO: 6º PRIMARIA
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 5 DE MAIO DE 2020
PROFESOR: DAVID SIXTO GARCÍA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas así como as intencións, opinións e valores non explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo.
B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.
B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	LGB1.7.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos adecuados.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos.	LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).
	LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
	LGB2.1.4. Interpreta metáforas, personificacións, hipérbolos, ironías e dobres sentidos en textos.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido.	LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
	LGB3.1.3. Respecta as regras de puntuación no texto
	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación	LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección

	LGB4.1.5. Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas	LGB4.2.1. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e tópicos recorrentes.	LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

A partires dos estándares imprescindibles anteriores contribuírase, de xeito especial, a que o alumnado teña un grao de desenvolvemento nas seguintes competencias clave:

- CCL.
- CD.
- CAA.
- CSIEE.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><i>Procedementos:</i></p> <ul style="list-style-type: none">▪ Seguimento sistemático.▪ Análise das produccions do alumnado.▪ Probas específicas. <p><i>Instrumentos:</i></p> <ul style="list-style-type: none">▪ Probas orais a través de Cisco Webex.▪ Actividades a realizar e/ou entregar a través da aula virtual ou de aula Planeta.
Cualificación	<p>A.- Valoración do rendemento do terceiro trimestre.</p> <p>Para obter a nota numérica do rendemento do alumnado no terceiro trimestre, que terá unha puntuación máxima de 1 punto, aplicaremos o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Valoración das probas orais: 50 %.^(*)▪ Media aritmética da puntuación obtida nas actividades de aula virtual e aula Planeta: 50 %. <p>A nota obtida non figurará no boletín de notas, pero empregárase para obter a cualificación final do curso.</p> <p>^(*)- No caso de que, por decisión do profesorado, non se realice esta valoración, as actividades de aula virtual e de aula Planeta representarán o 100 %.</p> <p>B.- Cálculo da cualificación final do curso (ordinaria).</p> <p>No presente curso académico, a cualificación que figure na 3ª avaliación e na avaliación final (ordinaria) serán a mesma.</p> <p>Esta cualificación será o resultado de realizar a media aritmética da cualificación da 1ª e da 2ª avaliación. A esta cualificación sumaráselle un máximo de 1 punto en función da nota obtida na valoración do rendemento do terceiro trimestre (ver apartado A).</p> <p>C.- Aclaracións en relación ás actividades de aula virtual e aula Planeta.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Non se poderán entregar as actividades unha vez finalizado o prazo de entrega; se un alumno ten un imprevisto e non pode entregala, débese poñer en contacto co profesorado.▪ Cando se sospeite que a actividade foi realizada por outra persoa, a nota da mesma será 0.▪ As actividades non realizadas ou non entregadas contarán como 0 para achar a nota á que se refire a sección A.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

Actividades e metodoloxía	<p>Como na maioría dos días realizaranse actividades de recuperación, reforzo e repaso, o alumnado deberá realizalas de forma autónoma, preguntando as dúbidas que teña a través da mensaxería da aula virtual do curso.</p> <p>Porén, as actividades de ampliación traballaranse de dous xeitos diferentes en función da súa dificultade:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ <i>Actividades de ampliación que non requiran apoio docente.</i> Neste caso, facilitarase a explicación dos novos contidos a través de material teórico interactivo e/ou vídeos explicativos.▪ <i>Actividades de ampliación que requiran apoio docente.</i> Neste tipo de actividades, utilizarase para explicar os contidos a plataforma Cisco Webex.
Recursos a utilizar	<p>Xa que todo o alumnado da aula ten, polo menos, un dispositivo con conexión á Internet, faremos uso das seguintes plataformas:</p> <ul style="list-style-type: none">▪ <i>Aula virtual de 6º de Primaria.</i> Este espazo utilizarase para o seguinte:<ul style="list-style-type: none">○ Detallar as actividades a realizar durante cada día.○ Realizar actividades online.○ Entregar actividades.○ Resolución de dúbidas, facendo uso da mensaxería.○ Realizar o seguimento do alumnado.▪ <i>Cisco Webex.</i> Esta plataforma utilizarase para o seguinte:<ul style="list-style-type: none">○ Traballar o aspecto emocional.○ Explicación de contidos e actividades.○ Realizar a función titorial.○ Realizar probas orais.▪ <i>Aula Planeta.</i> Este espazo utilizarase para o seguinte:<ul style="list-style-type: none">○ Acceso ao libro dixital da área.○ Realización de actividades online.▪ <i>Enderezo electrónico.</i> Esta ferramenta utilizarase para o seguinte:<ul style="list-style-type: none">○ Entrega de actividades que non é posible entregar a través da aula virtual do curso.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través de Abalar Móbil informaremos da localización deste documento para a súa consulta.
Publicidade	O presente documento estará dispoñible para toda a comunidade educativa nas seguintes páxinas web: <ul style="list-style-type: none">▪ Páxina web do centro.▪ Aula virtual de 6º de Primaria.